

## Estudantes: A voz dos que non son escoitados

Anxo Teixeira Fernández

Portavoz Nacional do Movemento Estudantil Universitario (MEU). Representante de estudantes no Claustro da Universidade de Santiago de Compostela por Medicina

Cad Aten Primaria  
Ano 2010  
Volume 17  
Páx. 288-289

Infundimos respecto. Dende logo que si. Nesa escena tan radicalmente galega, presente nas promocións dunha cadea de supermercados, na que unha señora maior somete a un rapaz veciño descoñecido a un terrible interrogatorio, os futuros médicos saímos airosos nada máis mencionar o que estudamos. Abonda dicir nunha festa universitaria que es estudante de Medicina para que os compañeiros expresen impresión. Non en van, tanto esforzo no Bacharelato e na Selectividade debía ter o seu premio, o do recoñecemento social.

Pero o recoñecemento social, sendo agradable, sendo pracenteiro, non nos exime das problemáticas. Como lle ocorre a case calquera estudante universitario a organización da nosa titulación é manifestamente mellorable. Cun agravante. Mentres que na maioría dos Graos e das restantes Licenciaturas, calquera troco organizativo podería resolverse no seo dos órganos de goberno da propia Facultade ou, como moito, da Universidade de Vigo, Coruña ou Compostela, no caso da Licenciatura de Medicina, e tamén do Grao que empeza a marchar coa implantación do Espazo Europeo de Educación Superior, un troco organizativo, quizais non nos primeiros cursos, pero dende logo nos cursos con máis contido práctico, remove as entrañas xa non da universidade ofertante, a Universidade de Santiago de Compostela (USC), senón que tamén das universidades tantas veces pretendentes, a Universidade da Coruña (UdC) e a Universidade de Vigo (UVigo); dos concellos de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, nomeadamente dos seus alcaldes; da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia; e dos principais medios de comunicación galegos. E isto limita, límitanos ferozmente, en prexuízo dos estudantes.

Hogano, obviando o aspecto teórico, a situación é a que segue. As prácticas de primeiro, segundo e terceiro cursos, maioritariamente

de laboratorio, agás contadas excepcións, impártense con certos problemas organizativos e loxísticos, pero non máis graves que os que poida sufrir calquera outro gremio estudantil. Son resoltos con enxeño de forma provisoria, á espera da solución definitiva, que pasará ben pola ampliación dos espazos e a modernización e aumento do material e instrumental de traballo, o cal irremediamente nos levaría a unha remodelación en profundidade dos interiores da actual Facultade ou á construción dun novo edificio mellor dotado; ben pola volta ao campo do razoable do número de alumnos entrantes por promoción.

É precisamente esta última idea a que me permite engarzar coa situación das prácticas nos cursos superiores, as cales se teñen que realizar no seo dun hospital. É obvio que un complexo como o CHUS é grande e de ter a titulación un número de estudantes por curso axeitado ás necesidades galegas non debería haber problema algún en quen o CHUS fose quen de soportar a todos os estudantes. Pero non é así. Os excesos orquestrados en contra da vontade da USC, da Facultade e da razón no referido aos numerus clausus, obrigan a abrir o abano e a tirar doutros hospitais do Servizo Galego de Saúde. Ben é certo que as cousas no CHUS poderían organizarse algo mellor, pero dende logo tamén podemos afirmar con certeza que os outros centros son tamén necesarios, e que a descentralización práctica é unha necesidade. Unha necesidade que non entusiasma, por certo.

Moitos son os estudantes que tendo escollido a carreira de Medicina coa idea de formarse durante seis anos na cidade de Santiago de Compostela, agora láianse de ter que pasar a desprazarse a outras cidades durante certos períodos da súa formación. O modelo actual establece alternancia mensual teórica e práctica, isto é, un mes de teoría na capital de Galicia, un mes de prácticas en Coruña, Santiago ou Vigo e non recolle criterios de asignación de destino para as prácticas alén dun sorteo puro. É un modelo maioritariamente contestado polo conxunto do estudantado, que ademais de reclamar un mellor aproveitamento dos recursos do CHUS, esixe

### Correspondencia

Anxo Teixeira Fernández  
Email: [ateixeirof@telefonica.net](mailto:ateixeirof@telefonica.net)

que a atribución de destinos prácticos se faga por criterio de proximidade. Aqueles con domicilio familiar na Coruña ou na súa área metropolitana ao CHUAC, aqueles con casa en Vigo ou arredores ao CHUVI e aqueles con residencia preto ou en Compostela, na cidade de Fonseca, e a extensión da docencia práctica aos hospitais das outras cidades, en aras de evitar situacións esperpénticas como a de que unha ourensá teña que costearse dous pisos, un para os meses de teoría en Compostela, outro para os meses de práctica na Coruña. Tamén se reclama a posta en marcha de sistemas de transporte gratuítos e con horarios razoables que poidan levar a outras cidades a aqueles estudantes que non poidan costearse unha residencia noutra cidade, ou ben o aumento de prazas

públicas de residencia para estes estudantes durante os meses de prácticas fóra da cidade do Sar e o Sarela.

Estas son só algunhas das reivindicacións do colectivo estudantil, quedan moitas no tinteiro, pero serían postas enriba da mesa no caso de que se nos permitise a nós deseñar o modelo menos malo. O novo Decano da Facultade de Medicina Juan Gestal ten na súa man atender ás nosas demandas e defendelas con firmeza nas instancias pertinentes, a Xunta de Galicia ten na súa man abrírnos esperanzas coa apertura de novos hospitais á docencia, un bo remedio contra o localismo, tan cruel para connosco. Se non o fan prexudicaríanos gravemente e, polo tanto, mancarían o futuro da Sanidade galega.